



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN PARA LA PROTECCIÓN DE DISCAPACITADOS PSÍQUICOS DE VILALBA-TERRA CHÁ PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DUN OBRADOIRO DE XARDINERÍA E HORTICULTURA TERAPÉUTICAS DESTINADO ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO EXERCICIO 2023

Lugar e data da sinatura dixital

### REUNIDOS

#### Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Xuventude, nomeada polo Decreto 60/2022 do 15 de maio, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución do 8 de abril de 1991 no Diario Oficial de Galicia número 82, do 30 de abril de 1991.

#### Doutra parte:

Dona María Elba Veleiro Fernández, con DNI 35424711L, presidenta do padroado da fundación, que actúa en nome e representación da **Fundación para la Protección de Discapacitados Psíquicos de Vilalba-Terra Cha** (en adiante Fundación Vilalba), con NIF G27244169, de acordo coa designación en sesión plenaria do Concello de Vilalba en data 04/07/2019 , e a correspondente aceptación con data 09/07/2019.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que no nome das entidades que representan teñen conferidas

### EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.





II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

IV. Que a Fundación Vilalba constitúese como fundación no rexistro de fundacións co número de inscrición 1999-27, foi clasificada como de interese asistencial pola Orde do 1 de decembro de 1999, da Consellería de Presidencia e Administración Pública; e declarada de interese galego por Orde do 23 de decembro de 1999, da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

Actualmente, a fundación está baixo o protectorado da Consellería de Política Social e Xuventude en virtude da Orde do 2 de febreiro de 2016 pola que se modifica a adscrición de determinadas fundacións de interese galego e se ordena a súa adscrición ás consellerías competentes para o exercicio das funcións de protectorado.

Así mesmo, a Fundación Vilalba figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1229.

V. A fundación ten por finalidade proporcionar atención integral a persoas con discapacidade, con necesidades de apoio límite e intermitente que polas súas características necesitan unha atención persoal para potenciar hábitos da vida diaria, así como actividades capacitadoras e terapéuticas de formación ocupacional e de desenvolvemento de habilidades persoais e sociais.

O seu centro ocupacional presta atención a persoas con multidiscapacidade con idades comprendidas entre os 18 e os 66 anos, e ten por obxectivo principal proporcionar unha atención habilitadora integral mediante programas de habilitación ocupacional e de axuste persoal e social, buscando o desenvolvemento da autoestima persoal e progresos significativos que favorezan a futura integración socio-laboral dos usuarios do mesmo. Adapta os programas das distintas áreas ás características, necesidades e intereses de cada usuario.





Durante os anos que seguiron ao confinamento pola COVID-19, a dirección do centro, xunto co equipo profesional multidisciplinar, constatou o valioso que resultaba para a mellora da calidade de vida das persoas usuarias, a existencia, entre a oferta de actividades ocupacionais, dun obradoiro de xardinaría e horticultura terapéutica.s

Na programación para o ano 2023, a Fundación para a Protección de Persoas con Discapacidade Vilalba Terra-Chá, aposta pola consolidación deste obradoiro, que serve de instrumento excelente de inclusión e visibilización do colectivo de persoas con discapacidade no entorno.

**VI.** Actualmente faise preciso establecer medidas orientadas á prevención da situación de dependencia e promoción da autonomía persoal das persoas adultas con discapacidade, e as súas familias, mediante unha atención integral personalizada.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Xuventude subscribir un convenio de colaboración coa entidade Fundación Vilalba para a concesión dunha subvención directa destinada ao financiamento dos gastos derivados das actuacións no Obradoiro de xardinaría e horticultura terapéuticas destinado ás persoas con discapacidade intelectual do centro, que ten por obxecto formar as persoas usuarias en actividades de carácter prelaboral que lles capaciten para o acceso a un posto de traballo, a estimulación de distintas funcións cognitivas, como a memoria e a atención e a mellora da súa saúde física e mental coa realización de tarefas ao aire libre e con actividade física continuada e adaptada que fomente a súa autonomía.

**VII.** Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Vilalba é unha organización sen ánimo de lucro, que desenvolve no ámbito da Comunidade Autónoma galega programas e actuacións para a mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade e as súas familias, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver esa atención.

Tendo en consideración as características das persoas usuarias do centro e para o desenvolvemento da autoestima persoal e a súa futura integración socio-laboral lévase a cabo un obradoiro de horticultura e xardinería terapéuticas, a través do que adquiren as capacidades para acceder a un posto de traballo , e ao mesmo tempo melloran a súa calidade de vida.

A Fundación Vilalba é a única entidade que conta cos recursos para atender a este





colectivo de persoas, polo que o interese público e social desta concesión directa queda acreditada pola atención a este colectivo vulnerable, o que dificulta a súa convocatoria pública. As razóns de interese público, social e humanitario neste caso, no que o interese prioritario é o mantemento das persoas usuarias no centro, xa que o centro constitúe unha auténtica referencia vital para as persoas usuarias polo que debe asegurarse a estabilidade e continuidade dos servizos. Esta excepcionalidade ao réxime de concorrencia competitiva establécese igualmente no artigo 31 da Lei 13/2008 do 3 de decembro.

Que conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o obradoiro que desenvolve a Fundación Vilalba, ten como singularidade proporcionar a habilitación profesional, persoal e social, a persoas con multidiscapacidade de idades comprendidas entre os 18 e os 66 anos, para conseguir o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e laborais posibilitando a integración social e laboral. A especificidade vén determinada pola exclusividade das actuacións dos programas, deseñadas en función ás características, necesidades e intereses de cada usuario do centro.

Tendo en conta por unha banda a especificidade do programa polas características da actividade que se vai financiar, o colectivo ao que van dirixidas, e a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles; e por outra a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude, conforme ao previsto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, en tanto que se trata de persoas con discapacidade intelectual, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, quedando xustificada a imposibilidade de promover a concorrencia pública en aplicación da Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, en relación do artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

### **ACORDAN**

Subscribir un convenio de colaboración para levar a cabo as actuacións dos obradoiro de xardinería e horticultura taerapéuticas destinados ás persoas con discapacidade.

### **CLÁUSULAS**





### **PRIMEIRA: *Obxecto***

Subscribir un convenio de colaboración para a concesión directa dunha subvención destinada ao financiamento das actuacións no seu centro ocupacional do Obradoiro de xardinería e horticultura terapéutica destinado á persoas adultas con discapacidade.

Partindo dunha atención integral e individualizada, os usuarios realizan tarefas no ambiente en función da súa capacidade. As actividades a desenvolver nesta área teñen por finalidade adestrar e formar ás persoas usuarias en actividades de carácter prelaboral que lle capaciten para o acceso a un posto de traballo.

A través do obradoiro estímulanse distintas funcións cognitivas, como a memoria e a atención. Tamén permite atender ás persoas usuarias nun entorno natural e ao aire libre, o cal supón un gran beneficio para a súa saúde física e mental dos mesmos; e ao mesmo tempo promove a realización por parte das persoas usuarias de actividade física continuada e adaptada que fomenta a súa autonomía.

### **SEGUNDA: *Actuacións subvencionables***

As actividades que se realizan no obradoiro de xardinería e horticultura terapéutica comprende as distintas tarefas e aprendizaxe que se desenvolverán nos invernadoiros :

- a) Sementeira.
- b) Limpeza de plantas no invernadoiro.
- c) Mantemento de zonas verdes e axardinadas.
- d) Preparación de terreos.
- e) Plantación e colleita de produtos.
- f) Aprender o uso de ferramentas

### **TERCEIRA: *Orzamento***

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións no marco dos programas a subvencionar a través deste convenio é de 23.757,00€.

Para o cumprimento da finalidade prevista a Consellería de Política Social e Xuventude achegará **vinte e tres mil setecentos cincuenta e sete euros (23.757,00 €)** que serán imputados á aplicación orzamentaria 13.04.312E.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.





#### **CUARTA: Obrigas da entidade**

1. Fundación Vilalba deberá cumprir todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiaria previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención e acreditar a súa realización, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizárase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedinte, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Xuventude a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases establecidas no presente convenio, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

g) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto dos programas a subvencionar a través do convenio e nos lugares onde



estas se realicen "subvencionado pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude" co seu respectivo logotipo.

h) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Así mesmo, a entidade deberá cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

#### **QUINTA: Obrigas e documentación**

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto coa descrición das actuacións dos programas a desenvolver, a seguinte documentación:

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para os mesmos programas, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) Declaración responsable, subscripta polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### **SEXTA: Compatibilidade con outras axudas**

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

#### **SÉTIMA: Forma de pagamento**





Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 60% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 40% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades a subvencionar a través do convenio e aportando a documentación indicada na cláusula oitava.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

#### **OITAVA: *Gastos subvencionables***

O importe da subvención destinarase a cubrir gastos de persoal derivados da execución das actividades que forman parte do obradoiro descritas na cláusula segunda deste convenio, tal como se recolle na memoria económica.

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### **NOVENA: *Xustificación***

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2023**.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo entidade beneficiaria.





Coa xustificación final dos gastos a subvencionar a través do convenio ou, en todo caso, ao remate do prazo establecido para a dita xustificación, de acordo co artigo 51 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, deberá presentar:

a) Un informe-memoria detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas a subvencionar ao abeiro deste convenio.

b) Tendo en consideración que o gasto imputable é de persoal, conforme ao establecido no orzamento dos programas, deberá de concretarse ao efectos da súa xustificación e referida á mensualidade ou mensualidades polas que se solicita a seguinte documentación:

1º. Relación nominal das persoas traballadoras que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.

2º. Recibos de salarios.

3º. Relación Nominal de Traballadores (RNT) e Relación de liquidación de cotizacións (RLC), dos traballadores correspondentes ao meses imputados.

4º. Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

c) Certificación da persoa ou órgano responsable da entidade relativa a que as achegas da Consellería de Política Social e Xuventude foron destinadas aos fins para os que foron concedidas.

d) Unha declaración responsable de non ter recibido outras axudas para as actividades obxecto dos programas a subvencionar a través deste convenio ou, de percibilas, detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Unha certificación expedida e asinada pola persoa responsable da entidade, dos gastos realizados que incluírá a relación dos gastos e xustificantes dos gastos realizados.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais de 2023 liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, en





que se reflita o importe da retención ou cotización deveindicados na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2024.

Toda a documentación xustificativa das actividades subvencionadas no marco deste convenio deberá ser asinada pola persoa responsable da entidade Fundación Vilalba.

#### **DÉCIMA: *Incumprimentos, reintegros e sancións***

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actividades a subvencionar a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade a subvencionar a través do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA: *Inexistencia de relación laboral***

Fundación Vilalba queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas. A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e Xuventude e as persoas que realicen as actividades dos programas a subvencionar, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.





### **DÉCIMO SEGUNDA: *Comisión de seguimento e control***

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude e dous representantes da Fundación Vilalba, designados por cada unha das persoas representantes das partes así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da dirección xeral con competencias en discapacidade.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral con competencias en discapacidade, designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

### **DÉCIMO TERCEIRA: *Vixencia***

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

Non obstante, os gastos das accións englobadas nos programas a subvencionar a través do presente convenio que realizase a Fundación Vilalba dende o 1 de xaneiro de 2023 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Xuventude.

### **DÉCIMO CUARTA: *Obrigas da publicidade***

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo,





polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificación recollidas no presente instrumento de colaboración o Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

### **DÉCIMO QUINTA: Información básica sobre protección de datos persoais**

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados





tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

#### **DÉCIMO SEXTA: Réxime xurídico**

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerese polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de 8 de novembro, de contratos del sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo y do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

As cuestións litixiosas xurridas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo de un mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de





seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e data da sinatura dixital

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E  
XUVENTUDE

A REPRESENTANTE DA FUNDACIÓN PARA  
LA PROTECCIÓN DE DISCAPACITADOS  
PSÍQUICOS DE VILALBA-TERRA CHÁ

Fabiola García Martínez

María Elba Veleiro Fernández

